



SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NOS PREMIOS ERNESTINA OTERO SESTELO

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:</b>			
CENTRO EDUCATIVO:	CPR Plurilingüe Nuestra Sra. de los Dolores.		
CIF:	R3600109G		
ENDEREZO:	Alfonso XII, nº 2 e 12	CÓDIGO POSTAL:	36002
PARROQUIA:	Santa María	CONCELLO:	Pontevedra
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	direccion@colegiodoroteaspontevedra.com	TELÉFONO:	986 856 650


**E, na súa representación**

NOME E APELIDOS:	María Martínez Santos	NIF:	78739017N
EN CALIDADE DE:	Coordinadora ESO		
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)			
ENDEREZO:		CÓDIGO POSTAL:	
PARROQUIA:		CONCELLO:	
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO:	

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA (MARCAR CUN X)**

<input checked="" type="checkbox"/>	Certificación da autorización para o uso de imaxes de menores participantes
<input checked="" type="checkbox"/>	Compromiso de destinar o premio a actividades educativas relacionadas coa igualdade de oportunidades
<input checked="" type="checkbox"/>	Certificación bancaria do número de conta
<input checked="" type="checkbox"/>	Memoria descriptiva
<input checked="" type="checkbox"/>	Documentación complementaria

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria serán incluídos nun ficheiro responsabilidade do Concello, cuxo obxecto é xestionar este procedemento así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o consentimento prestado para o tratamento dos mesmos poderanse exercer mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Concello de Pontevedra, rúa Michelena, 30, 36071 Pontevedra, ou a través do correo electrónico [sede@pontevedra.eu](mailto:sede@pontevedra.eu).

Pontevedra	,	27	de	outubro	de	2021
SINATURA 						

Concelleira de Promoción Económica,Emprego, Turismo, Universidade e Promoción da Igualdade



**ANEXO II-MEMORIA DESCRIPTIVA**

<b>CENTRO:</b> CPR PLURILINGÜE Nuestra Señora de Los Dolores	<b>CIF:</b> R3600109G
--	-----------------------

**NOME PROXECTO/ACTIVIDADE:**

Non mires cara outro lado, rompe o silencio.

**TRAXECTORIA DO CENTRO (Historia, entorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos).** Máximo 3000 caracteres.

O noso Colexio é un centro privado concertado plurilingüe e pertencente á "Congregación de Hermanas de Santa Dorotea de Frassinetti". Nel impártense os niveis de Educación Infantil (6 unidades), Educación Primaria (18 unidades), e Educación Secundaria Obrigatoria (12 unidades). En total hai 36 unidades, con algo máis de 900 alumnos que recollen un alumnado moi variado e diverso, procedentes tanto de dentro como de fóra de Pontevedra: Combarro, Poio, Sanxenxo, Portonovo, Salcedo, Mosteiro, Meis, Vilanova... Desde vai máis dunha década e enmarcado na nosa educación en valores, no noso centro véñense realizando todo tipo de actividades e proxectos relacionados coa concienciación, prevención e tratamento da violencia sexista, racista, ou en calquera outra das súas manifestacións, actuando fundamentalmente desde a formación en valores de igualdade, tolerancia, respecto e solidariedade. Todas estas actividades están recollidas no noso "Plan de igualdade", no "Plan de Convivencia" e no "Plan de Acción tutorial".

**XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS.** Máximo 2000 caracteres.

Traballar a educación en valores e fomentar as actitudes de rexeitamento cara as condutas violentas son uns dos piares da educación das nenas e nenos en idade escolar. Nesa liña desde o noso centro trabállanse diferentes campañas de concienciación desde os cursos de Educación Infantil ata a ESO.

Neste ámbito e coma todos os cursos durante o mes de novembro, realízanse distintas actividades e proxectos que perseguen:

- Incrementar a concienciación do alumnado, familias e comunidade educativa contra a violencia de xénero.
- Concienciar ao alumnado sobre a importancia da igualdade nas relacións persoais e sociais.
- Xerar sentimentos de rexeitamento e repulsa cara a todo tipo de actitudes discriminatorias ou vexatorias contra as mulleres.
- Provocar no alumnado actitudes de desprecio ante as condutas violentas.

O proxecto que aquí presentamos nace desa necesidade de traballar de xeito transversal o principio de igualdade entre homes e mulleres e forma parte dunha campaña realizada polos alumnos de Educación Plástica de 4º ESO durante o curso escolar 2019-20.



SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

**ACCIÓNS, PROCEDEMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA.** Máximo 3000 caracteres.

A campaña que desenvolveron este grupo de alumnos de Educación Plástica de 4º ESO consta de dous produtos finais, un vídeo e unha exposición fotográfica, ámbolos dous realizados únicamente cun teléfono móbil como única ferramenta.

**A montaxe audiovisual:**

O vídeo está ambientado nunha clase, onde se establece un paralelismo entre as alumnas e unha serie de mulleres vítimas de violencia de xénero. Mentres a profesora pasa listaxe cada rapaza simboliza a unha muller falecida durante o ano 2019. Baixo o slogan "Calquera pode ser vítima de violencia de xénero. Contra a violencia de xénero, tolerancia 0" Os autores e autoras pretenden concienciar aos seus compañeiros e compañeiras de que este é un problema de todos e de que ninguén esta libre desta lacra, elas e les mesmos ou calquera persoa da súa contorna o pode chegar a padecer.

Este vídeo, aínda que ideado por este grupo de alumnos e alumnas, tamén contou coa colaboración e participación activa do alumnado doutros grupos.

**A exposición fotográfica:**

O outro produto deste proxecto está composto por unha serie de fotografías nas que os autoras e autores ademais de retratarse a eles mesmos, quixeron facer partícipe ao profesorado e a dirección do centro, quen non dubidaron á hora de prestar a súa imaxe para tal fin. As fotografías simulan unha serie de vivencias que mulleres de diferentes idades suben a rede social "Instagram". Escenas cotiás que reflicten momentos felices do día a día, pero baixo esas imaxes ocúltase unha realidade totalmente diferente que o espectador descubre cando levanta a solapa exterior. No interior obsérvanse duras imaxes que reflicten a crúa realidade da escena a páxina completa. Realidade que as protagonistas, coma tantas mulleres, están a vivir e que por medo ou por vergoña non son quen de denunciar e tentan ocultar baixo un perigoso e ficticio manto con formato de rede social. Esta montaxe, instalada nunha zona de paso, nun corredor do colexio, levantou unha grande expectación entre o alumnado e a xente que viu de visita ao centro, tanto polo chocante das imaxes, máis aínda cando os protagonistas eran profesores e compañeiros, como tamén polo formato empregado, simulando a rede social "Instagram", tan próximo e actual para todos.

Co desenvolvemento destas dúas actividades, os autores conseguiron non só concienciar ao resto do alumnado sobre a necesidade de pedir axuda e denunciar todo tipo de agresións e actitudes violentas, senón que tamén os fixeron reflexionar sobre a perigosidade e a escasa fiabilidade das redes sociais, onde moitas veces nada é o que parece.

As imaxes foron impresas pola profesora da materia a tamaño DIN A3 e posteriormente os alumnos realizaron a montaxe manual.

**METODOLOXÍA EMPREGADA.** Máximo 2000 caracteres.

Para comezar este proxecto dedicáronse dúas sesión de clase a falar e debater sobre a problemática da violencia de xénero. Os alumnos e alumnas expuxeron as súas opinións, dúbidas e preocupacións sobre esta situación na actualidade.

A partir de aí comezaron a idear a campaña do curso.

Partiuse dunha choiva de ideas na que todo o alumnado participou moi activamente e na que xurdiron moi boas iniciativas. A continuación, debatéronse e analizáronse cada unha delas, tendo en conta que nalgúns casos as actividades propostas non se poderían desenvolver por falta de medios.

Resultou moi interesante ver como as ideas iniciais foron mudando a medida que os alumnos e alumnas ían aportando novos matices. Finalmente e axustándose aos recursos dos que dispoñían no centro acordaron realizar unha campaña composta dunha parte audiovisual e outra fotográfica.

Nas seguintes sesións de clase, deseñáronse os contidos tanto das fotografías como do vídeo e procedeuse a planificar como e cando se ía gravar e tomar as imaxes, así como os elementos que precisarían para cada unha delas e persoas que ían participar.



**SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL**

**TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN. Máximo 2000 caracteres.**

O proxecto realizaouse durante todo o mes de novembro de 2019.  
O día 25 de novembro expúsose a montaxe fotográfica no corredor do centro educativo e proxectouse a curtometraxe aos alumnos. A exposición fotográfica mantívose ata o final do 1º trimestre para darlle a maior difusión posible.

**IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS. Máximo 2000 caracteres.**

A implicación na realización do proxecto foi máxima. Foron as propias alumnas e alumnos as que pediron a colaboración do resto de compañeiras e compañeiros do seu curso, así como de gran parte do profesorado do centro, implicando a profesoras e profesores de todas as etapas educativas.



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

**INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA (*Visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...*)**. Máximo 2000 caracteres.

O proxecto tivo unha grande difusión tanto no propio centro educativo a través da exposición nun dos corredores principais e da proxección do curtometraxe, como fora del. Publicouse en redes sociais como "Instagram" e "twitter". Tamén na páxina web do colexio e na prensa dixital: "Pontevedra viva" e "Faro de Vigo", onde ademais entrevistaron a unha parella de alumnos que realizaron o proxecto.

**VALORACIÓN DE LOGROS ACADADOS**. Máximo 2000 caracteres.

A campaña supuso un éxito total entre o alumnado, as familias e o profesorado.



SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

**PREVISIÓN DE ACTUACIÓN FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO.** Máximo 2000 caracteres.

En vista do éxito desta e das anteriores campañas, o Centro segue a apostar pola realización deste tipo de actividades onde é fundamental a implicación de toda a Comunidade educativa.

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA, se a houber**

Ademais da documentación requirida nas bases do concurso adxuntase os 2 arquivos co proxecto audiovisual.

Pontevedra, 10 de novembro de 2021

SINATURA